

ANEXO 1

CASO 1.-

O día 08.10.2021, Ana presenta presencialmente no Rexistro xeral do Concello de Vigo (pois non é unha persona que teña a obriga legal de relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas), unha solicitude de licenza municipal para parcelar unha finca da súa propiedade.

O día 15.10.2021, Ana recibe un aviso no seu teléfono móbil informándoa de que ten unha notificación a súa disposición na Sede Electrónica do Concello de Vigo, á que accede ese mesmo día, acusando recibo da súa recepción. Na dita notificación se lle comunica que, para poder tramitar a súa solicitude, debe presentar un proxecto asinado por un técnico competente e pagar as taxas establecidas, a cuxo efecto se lle concede o prazo de dez días para subsanar a dita solicitude, coa advertencia de que, se deixa transcorrer o dito prazo, se lle terá por desistida dela. Ao día seguinte recibe a mesma notificación a través do servizo de correo postal mediante carta certificada.

O día 17.10.2021, Ana solicita unha ampliación do prazo concedido para emendar a súa solicitude e nese mesmo escrito comunica formalmente a súa vontade de relacionarse, no sucesivo, a través de medios electrónicos co Concello de Vigo.

Finalmente, Ana subsana os defectos da súa solicitude dentro do prazo de dez días que se lle concedera. Sen embargo, transcorrida unha semana o técnico redactor do proxecto proponlle reformular o proxecto e cambiar o destino previsto para aquela finca, polo que Ana decide presentar un escrito a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo, desistindo da solicitude de licenza de parcelación presentada.

Considerando a normativa vixente, resposte as seguintes preguntas fundamentando a súa resposta:

1. Aos efectos do cómputo de prazos, qué día debe considerarse notificado o requirimento de emenda recibido por Ana?

2. Considerando a normativa que rexe o procedemento administrativo común, cando unha solicitude de inicio non se acompaña dos documentos esixidos pola lexislación específica aplicable. Actúa correctamente a Administración concedendo un prazo de subsanación ou emenda ou debería directamente denegar o solicitado?, ¿en qué fase do procedemento se sitúa o requirimento notificado a Ana?

3. Ana trasladou formalmente ao Concello de Vigo a súa vontade de relacionarse electronicamente con esta Administración. Dende o punto de vista do procedemento administrativo. En que momento producirá efectos esa decisión?. Se Ana cambiase de opinión, podería comunicar en cualquera fase do procedemento a súa vontade de non continuar relacionándose a través de tales medios?

4. Que efectos producirá no procedemento que se está tramitando, o desistimento presentado por Ana?

5. Con carácter xeral, en municipios sometidos ao mesmo réxime de funcionamento que o Concello de Vigo, qué órgano é o competente para resolver sobre a concesión de licenzas de calquera tipo?, poñería fin ao procedemento administrativo a dita resolución?.

CASO 2.-

En data 10/06/2021 a Xunta de Goberno Local dun concello de máis de 300.000 habitantes aproba por unanimidade dos seus membros e de forma inicial a Ordenanza Fiscal de Imposto de Bens Inmóbles.

En data 24/06/2021 publícase no BOP de Pontevedra anuncio de exposición ao público por un prazo de 20 días.

En data 1/08/2021 expídese certificado acreditativo de que no prazo de exposición ao público non se formularon alegacións.

En data 15/08/2021 publícase no BOP de Pontevedra anuncio de aprobación definitiva da Ordenanza Fiscal de Imposto de Bens Inmóbles.

En data 20/09/2021 a empresa DIIEX SL interpón recurso de alzada contra a dita aprobación baseado na inexistencia de acordo de aprobación definitiva.

Posteriormente, en data 25/09/2021 o Sr. Alcalde convoca a través de notificación electrónica unha sesión extraordinaria urxente do pleno para o día 26/09/2021 ás 12:00 h coa seguinte orde do día

- 1.- LECTURA E APROBACION DA ACTA ANTERIOR.-
- 2.- RESOLUCION DE RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR DIIEX SL CONTRA A ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES
- 3.- APROBACION INICIAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.-
- 4.- APROBACION DEFINITIVA DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL

Á sesión asisten dez concelleiros dos vinte e sete concelleiros que integran o pleno da Corporación. Os acordos adoptados apróbanse por unanimidade de todos os concelleiros presentes na sesión.

- 1.- É correcta a tramitación do expediente de aprobación da Ordenanza Fiscal?**
- 2.- Procede estimar o recurso interposto pola empresa DIIEX SL ?**
- 3.- A convocatoria do pleno é conforme á Lei?**
- 4.- O acordo relativo a aprobación inicial da relación do postos de traballo é conforme a lei?**
- 5.- O acordo relativo a aprobación definitiva do Regulamento Orgánico Municipal é conforme a lei?**